

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO PAZO DE RAXOI
O DÍA 5 DE NOVEMBRO DE 2009,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

LEIS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Lei de medidas urxentes para a mellora do sector de transporte en Galicia

DECRETOS

CONSELLERÍA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto mediante o que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia

ACORDOS

CONSELLERÍA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual correspondente á Resolución do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións para o apoio á execución de programas sobre a igualdade no ámbito universitario e dos organismos públicos de investigación e se procede á súa convocatoria
- Acordo polo que a Xunta de Galicia aprecia a necesidade de formular ao Goberno da Nación requirimento de incompetencia, de conformidade co establecido no artigo 63 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional en relación coa Resolución do 31 de agosto de 2009, da Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal, pola que se convoca a concesión de axudas a entidades e organizacións non gobernamentais de ámbito estatal para a realización de actividades privadas relacionadas cos principios inspiradores da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, e coas finalidades da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de cinco millóns trescentos oitenta e catro mil cincocentos corenta euros con corenta e catro céntimos (5.384.540, 44 €), correspondente á obra: "Acondicionamento da estrada PO-221 Treito: Caldas (N-640) – Moraña"
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Meis, para levar a cabo a execución da obra de seguridade viaria e dotación de servizos na avenida Cambados
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia cos concellos de Salceda de Caselas e O Porriño para a execución da obra: "Mellora do abastecemento a Salceda de Caselas e O Porriño. Concellos de Salceda de Caselas e O Porriño (Pontevedra)", clave OH.236.602, por importe de dos millóns noventa e nove mil setecentos cincuenta e nove euros con dezanove céntimos (2.099.759,19 €)

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello de Cerceda, para a execución do proxecto de estrada Burís-Croeda, en Cerceda, por un importe de dous millóns trescentos noventa e catro mil trescentos noventa e un euros (2.394.391,00€)
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de carácter plurianual á Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, da Consellería de Economía e Industria, para levar a cabo a convocatoria de axudas para o ano 2009 da liña de incorporación estable do Programa de incentivación da incorporación e intensificación da actividade investigadora da Comunidade Autónoma de Galicia, con destino ao sistema público de investigación e desenvolvemento

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autorizan compromisos de gastos de carácter plurianual, por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en relación coa Orde de 2009, pola que se convocan bolsas de nova adxudicación para a realización de

estudos oficiais nas universidades do Sistema Universitario de Galicia conducentes ao título de máster universitario

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura de addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Santiago de Compostela, para a ampliación e mellora do Centro de recollida de animais vagabundos ou abandonados
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos (PIR-FP-Carnota-Valga)

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o sistema de información dos empregados da Administración pública de Galicia

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre a factura electrónica

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o anteproxecto de Lei de prevención de consumo de bebidas alcohólicas en menores

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre a dotación de personalidade xurídica propia ao Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC)

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS URXENTES PARA A MODERNIZACIÓN DO SECTOR DE TRANSPORTE PÚBLICO POR ESTRADA EN GALICIA

- *O texto legal pactado co sector recolle a bonificación nun 7% no importe da facturación do transporte escolar*
- *Inclúe actuacións no eido de mellora de medidas tecnolóxicas e de explotación, na calidade do servizo, na flota e no equipamento e medidas sociolaborais, que recollen previsións para a formación e o acceso ao traballo en igualdade, así como para a estabilidade laboral*
- *O Plan de Modernización é de aplicación directa e inmediata para os concesionarios dos servizos que estean vixentes no momento de entrada en vigor desta lei, servizos que verán incrementado o seu prazo de vixencia en 10 anos contados desde a data establecida para o seu vencemento*
- *As propostas de innovación tecnolóxica das empresas operadoras deberán ser aprobadas pola Dirección Xeral de Mobilidade antes da súa implantación, aínda que, en calquera momento, a Xunta poderá exixir a inmediata implantación das medidas necesarias para a posta en marcha dos plans de transporte metropolitano de Galicia, ou de plans de informacións aos usuarios*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión de hoxe un paquete de medidas urxentes co fin de levar a cabo a modernización do sector de transporte público na Comunidade Autónoma galega, a través do proxecto de Lei que regulará as actividades nesta materia. O obxectivo desta nova normativa é garantir a mobilidade dos cidadáns e a adecuada ordenación do territorio a través dun sistema de transporte eficaz e eficiente.

O Goberno galego considera necesario adaptar o sector económico do transporte por estrada ás importantes novidades que presentará, a curto prazo, a ordenación xurídica da materia coa próxima introdución de modificacións normas procedentes do ámbito comunitario e estatal.

Así, nesta lei apróbase un Plan de Modernización das concesións de transporte público regular permanente de persoas de uso xeral por estrada de Galicia, co que se introducen actuacións respecto ás flotas de vehículos e á flexibilización na explotación, o sistema de tarifas ou a materia sociolaboral.

Buscar solucións de mellora

Por outra banda, a actual coxuntura económica fai necesario que todos os interlocutores sociais atopen solucións que conxuguen unha optimización dos servizos e medios públicos, sobre todo no eido do transporte escolar, xa que esta actividade representa un importante custo para as arcas públicas, sendo superior ao

sufragado por calquera outra comunidade autónoma, polo que esta nova normativa pretende a optimización de recursos.

O Plan de Modernización é de aplicación directa e inmediata para os concesionarios dos servizos que estean vixentes no momento de entrada en vigor desta lei. Os servizos que se verán beneficiados por actuacións como o incremento do prazo de vixencia en 10 anos contados desde a data establecida para o seu vencemento.

Ademais, coa entrada en vigor desta lei modifícase o conxunto de contratos para a prestación de servizos de transporte para escolares a centros educativos públicos, xa que se establece unha prórroga automática dos contratos de carácter anual, e que se producirá de xeito sucesivo ata o 31 de decembro de 2020, agás supostos de supresión de servizo; e tamén, a partir da facturación correspondente ao 1 de xaneiro de 2010, bonifícase nun 7% o importe da facturación do transporte escolar

Esta norma dítase ao abeiro da competencia exclusiva da Comunidade Autónoma galega sobre o transporte terrestre por estrada que se desenvolve integramente no seu territorio, consonte o artigo 27 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia. Todo isto, sen prexuízo dos profesionais que non queiran seguir desempeñando este labor, que terán un prazo de 15 días para presentar a súa renuncia.

Programa de implantación

Así, os concesionarios deste tipo de transporte, no prazo máximo de 6 meses desde a data de entrada en vigor desta Lei, deberán presentar á administración un cronograma de implantación das actuacións previstas neste plan de modernización, adaptado plenamente a el, e no que se concreten e desenvolvan tanto a metodoloxía como as fases temporais previstas para a implantación das singulares actuacións en cada empresa.

A non presentación do dito programa, ou o seu incumprimento, tipifícase como infracción moi grave da normativa de transportes, dando lugar a sancións que esta norma establece para o dito incumprimento, incluída, se é o caso, a caducidade da concesión.

Mellorar a situación do sector

A implantación destas actuacións permitirá colocar o sector económico en condicións adecuadas para afrontar os retos que os novos escenarios normativos na materia lle abren. Este posicionamento acadarase incorporando melloras sensibles nos servizos que estas empresas presentan, nun momento económico especialmente complexo, polo que as previsións de estabilidade se converten en peza básica para a súa amortización.

Con esta lei, as propostas de innovación tecnolóxica das empresas operadoras deberán ser aprobadas pola Dirección Xeral de Mobilidade antes da súa implantación, aínda que, en calquera momento, a Administración autonómica poderá exixir a inmediata implantación daquelas medidas que resulten necesarias para a posta en marcha dos plans de transporte metropolitano de Galicia, ou de plans de informacións aos usuarios.

Este plan de modernización inclúe actuacións no eido de mellora de medidas tecnolóxicas e de explotación, na calidade do servizo, na flota e no equipamento e medidas sociolaborais, que recollen previsións para a formación e o acceso ao traballo en igualdade; e para a estabilidade do traballo, ademais de melloras e flexibilización da explotación.

Características comúns e singulares

Esta normativa tamén recolle previsións implantadas ou en implantación mediante plans de melloras noutras comunidades autónomas, tales como Madrid, Castilla y León, Aragón ou Extremadura. Estas medidas pasan pola implantación da modernización de tarxetas sen contactos, conexións informáticas, renovación da frota e a posta en marcha de Sistema de Axuda á Explotación (SAE), entre outras. Finalmente, introdúcense previsións referentes a problemáticas existentes singularmente en Galicia, nas que as empresas se comprometen a colaborar na implantación de solucións (por exemplo, TES+Bus ou outro tipo de servizos complementarios).

SÍNTESE DE MEDIDAS PARA A MODERNIZACIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO	
Tecnolóxicas e de explotación	<ul style="list-style-type: none">- Sistema de axudas á explotación- Sistemas de validación e venda que permitan integrar a explotación nos plans de transporte metropolitanos
Melloras da calidade do servizo	<ul style="list-style-type: none">- De acordo coas estratexias da Xunta en materia de mobilidade, as empresas operadoras deberán cumprir uns requisitos mínimos de calidade en relación cos seus servizos
Melloras na frota e no equipamento	<ul style="list-style-type: none">- Reducir a idade máxima dos vehículos que presten servizos concesionais- Reducir a antigüidade media máxima da frota- Adecuar a sinalización dos vehículos á normativa vixente en materia de accesibilidade- Implantar a imaxe corporativa que a Administración decida
Medidas sociolaborais	<ul style="list-style-type: none">- Formación e acceso ao traballo en igualdade<ul style="list-style-type: none">Plans de formación continuaPlans para a potenciación do emprego femininoFomento da contratación de discapacitados nos perfís profesionais axeitados- Previsións para a estabilidade do traballo<ul style="list-style-type: none">Os concesionarios deberán presentar a estrutura tipo con indicación numérica do cadro de persoal de empregados no momento de entrada en vigor da lei, indicando os perfís laborais e o grao de dedicación.
Melloras e flexibilización da explotación	<ul style="list-style-type: none">- Colaborar coa Administración na prestación de servizos complementarios- Colaborar coa Administración á hora de transferir os datos estatísticos e de explotación do servizo- Colaborar coa aplicación dos descontos por familia numerosa-Será obrigatoria a asistencia ás persoas con discapacidade para o acceso e abandono dos vehículos

A XUNTA REGULA A SÚA IDENTIDADE CORPORATIVA PARA UNIFICAR A SÚA IMAXE INSTITUCIONAL

- *A imaxe corporativa institucional deberá figurar en todos os documentos, pero seguirán utilizándose as existencias de material impreso anteriores ata que se esgoten*

O Goberno galego aprobou hoxe no Consello un decreto polo que se regula o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia, no marco dun programa de imaxe institucional que pretende mellorar e unificar a proxección exterior da Xunta de Galicia.

Ata o de agora existían símbolos e logotipos diversos, determinados pola diversidade de entes e organismos que integran o sector público autonómico, que podían producir confusión e falla de identificación, e non ofrecían unha visión homoxénea na súa proxección exterior, nas súas manifestacións externas e na súa relación cos cidadáns.

O obxectivo do decreto é que, a través dun esforzo de estandarización, a imaxe da Xunta actúe como un elemento de cohesión, moderno e homoxéneo, facilmente recoñecible para os cidadáns e para o resto das institucións. Os elementos básicos da imaxe son o símbolo constituído polo escudo de Galicia e o logotipo corporativo coa expresión Xunta de Galicia.

A imaxe corporativa institucional deberá figurar en todos os documentos administrativos e comunicacións de tipo xeral expedidos polos departamentos da Xunta de Galicia, as delegacións territoriais e todos os entes que integran o sector público autonómico. Tamén deberá figurar nas publicacións, folletos de información ou divulgación en calquera soporte, así como nos anuncios institucionais en prensa.

A imaxe corporativa institucional aplicarase sempre que proceda a adquisición, reposición ou reedición de calquera elemento que deba exhibila. En todo caso, e para non incrementar o gasto público, seguirán utilizándose ata que se esgoten as existencias de material impreso anteriores á súa entrada en vigor.

No caso de se utilizar en papelería oficial, sinalización de edificios ou portada interior de publicacións, poderá engadírselle á imaxe institucional o nome das consellerías e órganos delas dependentes ou das delegacións ou xefaturas territoriais. Ademais, os entes públicos poderán ser autorizados a utilizar os seus logotipos, sempre xunto á imaxe corporativa institucional.

A XUNTA APOIA CON 900.000 EUROS A EXECUCIÓN DO PROGRAMA SOBRE A IGUALDADE NO EIDO UNIVERSITARIO E NOS ORGANISMOS PÚBLICOS DE INVESTIGACIÓN

- *O Servizo Galego de Igualdade convoca as axudas dos anos 2009 e 2010 co obxectivo de promover a creación e mantemento de centros, oficinas, cátedras e unidades de xénero, así como a realización de cursos, estudos ou actividades específicas nesta materia*
- *As subvencións concédense sobre a base do compromiso de desenvolver un programa que teña como obxectivo principal temas relacionados coa igualdade de oportunidades e os problemas actuais das mulleres*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a orde de axudas correspondente aos anos 2009-2010 pola que o Servizo Galego de Igualdade apoiará con 900.000 euros a execución do programa sobre a igualdade no eido universitario e nos organismos públicos de investigación. Estas subvencións teñen como obxectivo implementar actuacións específicas de igualdade de oportunidades no Sistema Universitario Galego, promovendo a creación e mantemento de centros, oficinas, cátedras e unidades de xénero ou a realización de cursos e actividades específicas neste eido e nos entes públicos que se dediquen á investigación.

As axudas convocadas polo Servizo Galego de Igualdade, que recoñecen e premian o esforzo na obtención de resultados de calidade, concédense sobre a base do compromiso de desenvolver un programa que teña como obxectivo principal, temas relacionados coa igualdade de oportunidades e os problemas actuais das mulleres.

Xunto coa creación ou mantemento de unidades de xénero, a Xunta de Galicia pretende con estas axudas fomentar a realización de cursos de posgrao, conferencias, xornadas e actividades sobre cuestións de xénero, ou que integren unha perspectiva de xénero e incentivar o desenvolvemento e difusión de estudos e investigacións sobre a materia.

Os proxectos de investigación e os cursos, conferencias, xornadas e actividades subvencionadas, deberán enmarcarse dentro das seguintes áreas ou temas prioritarios:

- políticas públicas
- igualdade entre homes e mulleres na vida económica
- participación na toma de decisións
- promoción da calidade de vida das mulleres

-
- fomento da igualdade civil
 - transmisión de valores e actitudes igualitarias
 - conciliación da vida social, persoal e laboral das mulleres
 - cooperación
 - violencia de xénero e prostitución
 - colectivos de mulleres en risco de exclusión social
 - a igualdade na aplicación da lei
 - situación (pasado, presente e futuro) das mulleres en Galicia

A XUNTA FORMULARALLE AO GOBERNO UN REQUIRIMENTO DE INCOMPETENCIA PARA QUE RESPECTE A FACULTADE DE GALICIA NA CONVOCATORIA DE AXUDAS A ACTIVIDADES AMBIENTAIS

- *O Goberno galego entende que ao tratarse dunha acción subvencional o Estado debería limitarse a fixar o destino e condicións esenciais das axudas, deixando o seu desenvolvemento ás comunidades autónomas*

O Consello da Xunta acordou na súa reunión de hoxe formularlle ao Goberno central un requirimento de incompetencia da Resolución do 31 de agosto de 2009, da Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal, por entender que invade as competencias da Administración autónoma galega. Nesta orde convócase, concretamente, a concesión de axudas a entidades e organizacións non gobernamentais de ámbito estatal para a realización de actividades privadas relacionadas cos principios inspiradores da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, e coas finalidades da Lei 43/2003, do 21 de decembro, de montes.

O Goberno galego considera que a resolución é inconstitucional no seu conxunto, por establecer unha convocatoria que lle correspondería efectuar á Comunidade Autónoma. Así, a pesar de que a citada norma establece que o título competencial que habilita a actuación do Estado no ámbito destas axudas é o recollido no artigo 149.1.23 da Constitución española, no que se lle atribúe ao Estado competencia exclusiva para ditar a lexislación básica en materia de ambiente; hai que destacar que no caso galego, o Estatuto de autonomía reconece á Comunidade competencia exclusiva para ditar "normas adicionais sobre protección do ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23 CE". Ademais, de acordo coa xurisprudencia do Tribunal Constitucional en materia de ambiente a regra xeral é a xestión autonómica".

Doutra banda, tendo en conta que se trata dunha acción subvencional, a Xunta considera que se deben aplicar as regras establecidas pola xurisprudencia do Tribunal Constitucional na Sentenza 13/1992, relativa ao "*spending power*" ou "poder de gastar do Estado". Polo tanto, o Estado debería limitarse a fixar o destino e condicións esenciais das axudas, deixando o seu desenvolvemento ás comunidades autónomas, ás que se deben outorgar todas as facultades de xestión, incluída a convocatoria, todo isto, coa territorialización previa do fondo.

Por todos estes motivos, a Xunta de Galicia aprecia a necesidade de formularlle ao Goberno central un requirimento de incompetencia, de conformidade co establecido no artigo 63 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, e reserva para si o dereito de acudir ao Alto Tribunal no caso de que a resposta non satisfaga os intereses propios da Comunidade galega.

A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS INVISTE MÁIS DE 5,3 MILLÓNS DE EUROS NO ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA CALDAS-MORAÑA

- *O trazado obxecto das obras desenvólvese ao longo de 4 quilómetros, coa orixe na intersección coa N-640, en Caldas, e remate no enlace coa autonómica PO-226*
- *As actuacións máis relevantes centraranse na mellora do firme nalgunhas zonas da estrada onde a capa está deteriorada*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a autorización do gasto por unha contía de 5.384.540 euros investidos na obra de acondicionamento da estrada PO-221, concretamente no treito que une Caldas de Reis e Moraña.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas achegará adita cantidade en tres anualidades: 1.500.000 euros no ano 2010; 3.500.000 euros en 2011 e os restantes 384.540 euros en 2012.

Cómpre salientar que o trazado para o acondicionamento da estrada PO-221 desenvólvese ao longo de 4 quilómetros, coa orixe na intersección coa N-640, en Caldas, e remate no enlace coa estrada autonómica PO-226.

É preciso distinguir dous tramos. Por unha parte, dende a intersección coa N-640 decídese manter o trazado actual para aproveitar a estrutura existente sobre o río Umia, aínda que a calzada será ensanchada por ambas as marxes. O firme será renovado completamente a través dunha capa de mestura de espesor variable, nunca inferior a 6 cm, fresando aquelas áreas onde por causa do peralte non se acadase esa cifra.

Por outra parte, o segundo treito vai dende o punto quilométrico 0+560 ata o 3+798, remate do proxecto na intersección coa estrada PO-226, que une Moraña e Porrás. Neste tramo todos os parámetros utilizados no trazado tanto en planta como en alzado están entre os mínimos para unha velocidade de 60 km/hora. Á vista da deterioración do firme óptase por retiralo e executar o paquete coa sección de proxecto completa.

A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE EXECUTARÁ A OBRA DE SEGURIDADE VIARIA NA AVENIDA DE CAMBADOS, NO CONCELLO DE MEIS, ACHEGANDO UN TOTAL DE 750.000 EUROS

- *As obras céntranse nun tramo de 360 metros*
- *A actuación desenvolverase a través dun convenio entre a Xunta e o Concello*
- *O proxecto dispoñerá dunha comisión de seguimento integrada por representantes autonómicos e municipais*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Meis co obxecto de levar a cabo a execución da obra de seguridade viaria e dotación de servizos na Avenida de Cambados.

Esta actuación require dun orzamento de execución de 750.000 euros, cantidade que a Xunta achegará en tres anualidades: 1.000 euros este ano; 200.000 euros no 2010 e os restantes 549.000 euros no ano 2011.

O Concello de Meis, durante o ano 2005, realizou obras de mellora da seguridade viaria no treito Nogueira- Cambados (PO-300), concretamente na travesía de Mosteiro. Nestes momentos considérase necesario ampliar as ditas actuacións a través do convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas xustifica as ditas actuacións debido aos seus propósitos de mellora da rede viaria en Galicia, de xeito que se proporcionen aos usuarios unhas condicións de condución cómodas e seguras, reducindo tamén o risco de accidentes de tráfico.

Neste contexto, a Xunta en colaboración co Concello de Meis, trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que dea maior calidade de vida aos seus cidadáns.

Obrigas

Por unha parte, o Concello de Meis debe achegar o documento técnico que recolla as obras previstas no convenio, así como constatar a dispoñibilidade previa dos terreos necesarios. Ademais, asumirá a realización das xestións pertinentes para a consecución de permisos e autorizacións necesarios. Tamén se encargará da explotación, mantemento e conservación das obras, unha vez realizadas.

Por outra parte, a Xunta de Galicia comprométese á aprobación do proxecto e ao seu financiamento, destinando un máximo de 750.000 euros, como xa se citou con anterioridade. Ademais, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas poderá inspeccionar as obras tanto durante a súa execución como ao seu remate.

Cómpre salientar que o dito proxecto dispoñerá dunha comisión de seguimento integrada por un representante da consellería e outro do Concello. As súas funcións, entre outras, serán impulsar e avaliar o cumprimento do convenio; propoñer a interpretación do contido do dito acordo, en caso de dúbida; ofrecer solucións a posibles controversias que puideran xurdir.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A COLABORACIÓN TÉCNICO-FINANCIERA ENTRE MEDIO AMBIENTE E OS CONCELLOS DO PORRIÑO E SALCEDA PARA A MELLORA DO ABASTECIMENTO POR UN IMPORTE DE MÁIS DE DOUS MILLÓNS DE EUROS

- *A Xunta investirá un total de 1.749.729 euros; Salceda de Caselas, 200.030 euros; e O Porriño, 150.000*
- *As principais actuacións céntranse na construción de depósitos e ramais, dotando de maior capacidade hidráulica o sistema de abastecemento e mellorando a calidade da auga*
- *As obras benefician a un total de 7.000 habitantes e o seu prazo de execución estimado é de 12 meses*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se regula a colaboración técnico- financeira do Goberno galego cos concellos de Salceda de Caselas e O Porriño para a execución de obras de mellora do abastecemento que require do investimento dun total de 2.099.759 euros.

Cómpre salientar que a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, departamento pertencente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas achegará un importe de 1.749.729 euros distribuídos en dúas anualidades. O Concello de Salceda de Caselas contribuirá ao financiamento do 9,53% do proxecto, mediante unha achega de 200.030 euros, e o Concello do Porriño achegará o 7,14%, o que significa unha cantidade de 150.000 euros. Ambas as dúas cifras tamén serán repartidas en dúas anualidades. A colaboración técnico- financeira da Xunta con entidades locais débese á escasa capacidade financeira dos concellos e á importancia da dotación de infraestruturas.

Obras que se van realizar

As actuacións obxecto da proposta teñen como obxectivo dar maior capacidade hidráulica ao sistema de abastecemento a través dun aumento do caudal dispoñible, proporcionando a mellora da calidade da auga tratada.

Por unha parte, levarase a cabo a instalación dun depósito e un ramal de abastecemento en Salceda de Caselas. O depósito proxectado ten 3.000 m³ de capacidade, un diámetro de interior de 25 m, unha altura de 6,5 m, un grosor de parede de 0,35 m e soleira de 0,50 m. Este depósito vaise conectar coa rede de abastecemento existente no núcleo de Salceda mediante un tubo de polietileno.

O ramal está formado por un tubo de fundición, podendo distinguirse dous treitos en canto ao funcionamento se refire: condución por gravidade e por presión. Os dous

tramos esténdense dende un tubo de 600 mm dentro do polígono industrial ata o lugar de colocación dunha nova estación de bombeo situada na marxe esquerda da estrada PO-407, sentido Salceda. A partir de aquí continúa pola mesma estrada ata a altura dos terreos denominados Montecelo onde, aproveitando a explanación dunha antiga canteira se prevé situar o depósito.

O equipamento de bombeo disposto consta de bombas de 50 kW de potencia cada unha, que entrarán en funcionamento alternativamente.

Por outra parte, no Porriño executarase outro ramal de abastecemento que, mediante un tubo de fundición, leva a auga dende o punto de acometida á rede existente ata o depósito que se proxecta no concello de Salceda. Discorre na súa totalidade baixo a estrada PO-510 e está formado por un tubo de polietileno de alta densidade de 90 mm de diámetro.

Tamén se construírá un ramal de abastecemento á parroquia de San Salvador de Budiño, partindo do depósito que se vai executar en Salceda e discorrendo, practicamente na súa totalidade, baixo a estrada PO-407.

A poboación beneficiaria das ditas actuacións de abastecemento alcanza os 7.000 habitantes, distribuídos entre os dous concellos: O Porriño e Salceda de Caselas.

O prazo de execución estimado para a finalización das obras é de 12 meses.

ECONOMÍA E INDUSTRIA FINANCIADA CON MÁIS DE 2,3 MILLÓNS A ESTRADA BURÍS-CROEDA, NO CONCELLO DE CERCEDA

- *A Consellería de Economía e Industria ten como un dos seus obxectivos prioritarios traballar a prol do desenvolvemento sustentable e equilibrado de Galicia, de xeito que considera de especial interese a implementación de accións que melloren a competitividade económica das zonas mineiras*

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello de Cerceda (A Coruña), en virtude do cal se levará a cabo a execución das obras da estrada Burís-Croeda, unha infraestrutura financiada pola Xunta con 2.394.391 euros.

O concello de Cerceda conta cunha importante tradición mineira e, como consecuencia da súa diversificación industrial, fíxose imprescindible a construción dun parque empresarial que permita facilitar as condicións favorables á creación de empresas e diversificación do tecido produtivo da zona de Cerceda cara ás actividades alleas á minería do carbón, que permitan minimizar os efectos da paulatina redución da actividade do complexo mineiro-eléctrico no ámbito xeográfico de Cerceda, de xeito que, coa finalidade de contribuír á nova implantación de proxectos empresariais, a Consellería de Economía e Industria considera prioritario o proxecto de construción da estrada Burís-Croeda.

Este proxecto inscríbese dentro das actuacións da Xunta para o desenvolvemento económico alternativo das zonas mineiras do carbón, a través do cal se están a desenvolver diferentes actuacións en materia de infraestruturas. Neste sentido, a Consellería de Economía e Industria ten como un dos seus obxectivos prioritarios traballar a prol do desenvolvemento sustentable e equilibrado de Galicia, de xeito que considera de especial interese a implementación de accións que, como a construción da estrada Burís-Croeda, melloren a competitividade nas zonas mineiras e a súa sustentabilidade económica, social e ambiental. Ademais, con este tipo de accións, a Xunta dá cumprimento ao seu compromiso de traballar pola mellora das infraestruturas dos municipios galegos, e das súas vías de comunicación.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA UN GASTO DE 2,5 MILLÓNS DE EUROS PARA APOIAR A UNIVERSIDADES E CENTROS PÚBLICOS DE INVESTIGACIÓN POLA INCORPORACIÓN ESTABLE DE 19 INVESTIGADORES

O Consello da Xunta de Galicia aprobou, na súa sesión de hoxe, o acordo polo que se autorizan compromisos de gasto de carácter plurianual por unha cantidade de 2,5 millóns de euros para a convocatoria de 2009 do Programa de incentivación da incorporación e intensificación da actividade investigadora.

Esta convocatoria prevé axudas para apoiar as universidades e centros públicos de I+D galegos pola incorporación estable de 19 investigadores durante o ano 2008. A axuda ten unha duración de 3 anos e unha dotación anual para cada posto de traballo de preto de 44.000 euros, o importe equivalente ás retribucións dun profesor titular.

Este programa é implementado en Galicia pola Consellería de Economía e Industria para fomentar a incorporación estable dos investigadores cunha traxectoria destacada nas universidades do Sistema Universitario de Galicia e nos organismos públicos de investigación e centros de I+D dependentes dalgunha Administración pública con sede en Galicia, de xeito que aumente tanto a cantidade como a calidade dos grupos de investigación.

Este programa fomenta tanto a incorporación de científicos con experiencia ao sistema público de I+D+i, a captación ou a recuperación de investigadores españois ou estranxeiros de recoñecida experiencia en centros estatais e a incorporación de mozos investigadores con alto potencial investigador en grupos emerxentes e consolidados.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A CONVOCATORIA DE BOLSAS DE NOVA ADXUDICACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ESTUDOS OFICIAIS CONDUCENTES AO TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO

- *A Consellería de Educación destina 240.000 euros a 50 axudas ao estudiantado*
- *O obxectivo é fomentar a formación avanzada, no marco da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior*

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2009.- O Consello da Xunta autorizou hoxe o compromiso de gasto plurianual correspondente á orde pola que se convocan bolsas para a realización de estudos oficiais conducentes ao título de máster universitario nas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) no curso académico 2009/2010. Para este propósito, Educación destina 240.000 euros, repartidos en dúas anualidades, con cargo aos exercicios dos anos 2009 e 2010. Un total de cincuenta estudantes poderán beneficiarse destas axudas, que teñen como fin fomentar a formación avanzada de carácter especializado ou multidisciplinar favorecendo a posta en marcha do proceso de harmonización do SUG ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

Requisitos dos bolseiros

Para optar a estas axudas, os solicitantes deberán estar matriculados nun mínimo de 60 créditos nun máster universitario de carácter presencial que se imparta nalgunha das tres universidades do SUG. No caso de seren estudantes estranxeiros non comunitarios, deberán ter a condición de residentes.

En canto aos requisitos académicos, os alumnos e alumnas que desexen obter estas axudas deberán posuír unha nota media no seu expediente igual ou superior aos 2 puntos, 1,5 para as ensinanzas técnicas; e ter rematado os estudos universitarios que os facultaron para o acceso ao máster con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2007. Con todo, non poderá optar ás bolsas quen cursase 32 créditos de doutoramento, ou posúa algún título de doutor ou o diploma de estudos avanzados (DEA).

Por outra banda, estas bolsas son incompatibles con ter gozado con anterioridade dalgunha das concedidas pola Consellería de Educación para a realización de estudos de terceiro ciclo ou de posgrao.

MEDIO RURAL DESTINA 180.000 EUROS PARA A AMPLIACIÓN E MELLORA DO CENTRO DE ACOLLIDA DE ANIMAIS EN SANTIAGO

- *Este investimento ten como obxectivo a ampliación das instalacións para dar cabida a todos os animais abandonados*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura da *addenda* ao convenio de colaboración, asinado entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Santiago de Compostela, para a ampliación e mellora do Centro de recollida de animais vagabundos ou abandonados.

O orzamento establecido no convenio é de 180.000 euros, cifra que será repartida en tres anos, contando con este ano 2009. Para o que resta de ano investiranse 1.000 euros; para o vindeiro ano 2010 a cantidade será de 90.000 euros; mentres que a cantidade restante, 89.000 euros, adxudicárase no ano 2011.

Debido a un atraso na sinatura do convenio inicial, o Concello non contou con tempo suficiente para poder contratar a obra no ano 2008, polo que se realiza esta sinatura co obxecto de axustar as obrigas económicas á situación real.

Benestar animal

O centro de acollida de animais abandonados do Concello de Santiago é o único centro de acollida activo no sur da provincia da Coruña, polo que se ve obrigado a recoller un gran número de animais. A ampliación do centro ten por obxecto dar cabida a todos estes animais sen dono, e manter un nivel de benestar animal de acordo coa normativa vixente.

Ademais, este centro realiza tamén un importante labor social e divulgativo, xa que leva a cabo un gran número de labores de promoción de adopción e incluso funciona como refuxio-escola, recibindo visitas de escolares e particulares aos que imparten charlas de sensibilización.

MEDIO RURAL ASINA CONVENIOS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS PÚBLICAS NAS ZONAS RURAIS CO FIN DE MELLORAR A SÚA CALIDADE DE VIDA

- *O importe orzamentario para a realización destas obras ascende a un total de 548,051.75 euros*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión desta mañá a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos (PIR-FP-Carnota-Valga): Carnota, Touro, A Fonsagrada, Baralla, Friol, Sober, Mos e Valga. O importe total da aplicación orzamentaria para a realización destas obras ascende a 548,051.75 euros.

A Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, ten como obxectivo directo a mellora da calidade de vida das zonas rurais, para o que dota de equipamentos públicos básicos e de infraestruturas o medio rural co obxectivo de dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas.

Preténdese contribuír á estabilización e á realización de proxectos de obras para a dotación de servizos básicos elementais nestas zonas; así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, entren dentro da competencia desta consellería.

A XUNTA PON EN MARCHA O DESENVOLVEMENTO DO EXPEDIENTE PROFESIONAL ELECTRÓNICO E A IDENTIFICACIÓN E SINATURA DIXITAL DOS EMPREGADOS DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- *Este proxecto persegue a axilidade e a simplificación administrativa dos procedementos de xestión de persoal, así como o desenvolvemento das novas necesidades derivadas da aplicación do Estatuto básico do empregado público*
- *Trátase dunha peza indispensable para o desenvolvemento da administración electrónica no marco da estratexia eGoberno2013 que impulsa a Xunta*

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace ao proxecto polo que a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica porá en marcha o desenvolvemento do expediente profesional electrónico e a identificación e a sinatura dixital dos empregados da Administración pública de Galicia. Trátase dunha iniciativa que busca axilizar e a simplificar os procedementos de xestión de persoal, así como o desenvolvemento das novas necesidades derivadas da aplicación do Estatuto básico do empregado público.

A aplicación do expediente profesional electrónico e a identificación e sinatura dixital constitúen pezas indispensables para o desenvolvemento da administración electrónica no marco da estratexia eGoberno2013 que está a impulsar o Goberno galego.

Este proxecto xorde do estudo da situación actual dos sistemas de información nos procesos relativos á xestión dos empregados públicos, unha análise que estivo coordinada pola Consellería de Facenda como órgano competente en función pública e pola Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica como órgano responsable da coordinación dos sistemas de información transversais da Xunta e da implantación da e-administración.

O estudo fixo patente a necesidade de formular unha revisión integral do modelo de sistemas de información que soporta os procesos de función pública e de xestión operativa de persoal para dar cobertura ás novas necesidades que se presentan na Administración pública.

Entre as actuacións previstas como resultado desta revisión destácanse:

- A unificación do sistema de persoal existente nas consellerías para a xestión do persoal funcionario e laboral, eliminando procedementos redundantes, homoxeneizando criterios de traballo e mellorando a calidade de información dos sistemas en xeral.

- O establecemento da identificación única do profesional en calquera sistema de información, de xeito que o intercambio de información entre distintos sistemas poida facerse mediante procesos automatizados, evitando redundancias e incoherencias de información. Definirase un marco de interoperabilidade que permita a construción do expediente electrónico único do empregado público.
- A posta en marcha do modelo de identidade e sinatura dixital do empregado público, elemento indispensable para o desenvolvemento eficiente da administración electrónica
- A renovación tecnolóxica dos sistemas baixo a premisa da integración cos elementos de administración electrónica que simplifiquen a xestión administrativa dos procesos de persoal
- Posta en marcha da oficina virtual do empregado público, establecendo procedementos únicos independentemente da consellería en que o profesional preste os seus servizos

UN REXISTRO PERMITIRÁ QUE A XUNTA PAGUE AS SÚAS FACTURAS NUN MÁXIMO DE MES E MEDIO

- *A factura electrónica permitirá a partir de febreiro prescindir do soporte papel, favorecerá a incorporación das TIC na Administración e aforrará custos*
- *O Executivo galego aprobará un decreto para garantir que teña a mesma validez legal que a de papel*
- *Esta medida, demandada polos provedores, tentará evitar problemas de liquidez ás empresas por demoras no cobramento de facturas*

Un rexistro permitirá que a Xunta poida pagar a partir do vindeiro mes de febreiro as súas facturas nun máximo de 45 días, 15 menos que a exigencia legal. Esta factura electrónica fará posible prescindir do soporte papel, favorecerá a incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación e contará con solucións seguras que permitirán a optimización, a eficiencia e o aforro de custos.

Este rexistro suporá dar cumprimento a unha das prioridades do Goberno galego. Esta medida, demandada polos provedores, tentará evitar no posible problemas de liquidez ás empresas por demoras no cobramento de facturas e garantir que os pagamentos da Administración se realicen no menor tempo posible.

Tras analizar a situación en que se atopaba a tramitación de facturas a Consellería de Facenda detectou que é practicamente imposible saber o tempo que transcorre desde que se recibe unha factura ata o momento efectivo do seu pagamento.

Este novo rexistro permitirá dar a volta á situación e poder controlar o momento en que entran as facturas na Xunta e mellorar as necesidades de tesourería e planificar os pagamentos da Administración autonómica.

Con esta nova ferramenta centralizaranse todas as facturas –tanto as manuais como as de formato dixital- emitidas polos distintos provedores co que se acadará unha xestión máis rápida e eficiente destas.

Un novo portal electrónico servirá de acceso a este rexistro, a través do cal non só se poderán incorporar as facturas, senón que tamén será posible consultar o seu estado de tramitación. A identidade dos usuarios e a integridade da información rexistrada garantirase con solucións de sinatura electrónica.

Decreto

Para garantir os preceptos legais que marca a lexislación vixente, que a factura electrónica teña a mesma validez que a de papel, Facenda traballa na elaboración dun decreto que regulará o uso de medios electrónicos, informáticos e telemáticos en materia de contratación pública da Administración e entes do sector público dela dependentes, que se prevé que sexa aprobado a finais do mes de decembro.

A través dese decreto habilitarase tamén o Portal de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, que dará acceso á Plataforma de Contratos, ao Sistema de Licitación Electrónica, á tramitación telemática do Rexistro Xeral de Contratistas, a información sobre o sistema de presentación telemática de avais na Caixa de Depósitos da Comunidade Autónoma, aos diarios oficiais e a outras plataformas de contratación de ámbito autonómico, estatal e comunitario.

O sistema de presentación electrónica posibilitará a presentación de ofertas vía telemática nun proceso que vai desde a publicación do anuncio na Plataforma de Contratos de Galicia ata a sinatura do contrato.

Todas estas medidas permitirán non só cumprir os prazos que a normativa impón á administración, senón ir máis aló, optimizando os procedementos administrativos. Así, acadarase un mellor e máis áxil servizo ao cidadán e a un menor custo, obtendo un aforro económico importante.

A LEI DE PREVENCIÓN DO CONSUMO DE BEBIDAS ALCOHÓLICAS EN MENORES ABORDARÁ AS MEDIDAS, A CURTO E LONGO PRAZO, PARA LOITAR CONTRA O RISCO DE ALCOHOLISMO EN MOZOS

- *A conselleira de Sanidade informou o Consello sobre o borrador deste texto*
- *A futura norma será o marco legal de referencia que amparará calquera actuación das autoridades competentes, tanto no ámbito local como autonómico*
- *A lei artellará actuacións para conseguir cambios de condutas a través de accións educativas, de intervencións regulatorias, dun código de regulación mutua e de sancións pedagóxicas*

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, informou hoxe os membros do Consello da Xunta sobre o borrador de anteproxecto de Lei de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores que está a redactar o departamento que dirixe. Con esta norma, a Xunta dá cumprimento ao compromiso adquirido cos cidadáns para tratar de atallar o crecente problema de consumo de bebidas alcohólicas por menores, ao tempo que homologa a lexislación galega ao resto de comunidades autónomas, con excepción de Asturias.

A futura norma está destinada a converterse no marco legal de referencia que amparará calquera actuación das autoridades competentes, tanto no ámbito local como autonómico. A súa filosofía non consiste só en rexeitar o consumo de bebidas alcohólicas por menores, senón tamén o seu consumo compulsivo ou abusivo.

Neste sentido, o texto aposta por un réxime sancionador para todos aqueles adultos que induzan os menores ao consumo de alcohol, mediante a cesión, venda, publicidade ou patrocinio de bebidas alcohólicas dirixidos especificamente a eles; e tamén penaliza os menores que o fagan. Neste último caso, aposta pola substitución da sanción pecuniaria por accións de información, reeducación ou de beneficio para a comunidade. Ademais, obriga as administracións a establecer estratexias de promoción de hábitos de vida sen alcohol para os menores e políticas de ocio alternativo.

Liñas estratéxicas

Segundo a conselleira de Sanidade, a lei pretende artellar actuacións para conseguir cambios de condutas, a través de accións educativas -información, educación, e cambio na percepción social-, de intervencións regulatorias, cun código de regulación mutua e sancións pedagóxicas.

Así, no que se refire ás medidas regulatorias, para reducir a oferta de alcohol prohibirase a venda a menores de 18 anos; regularase a publicidade e o patrocinio de bebidas alcohólicas dirixidos a estes; prohibirase o consumo na vía pública e nos establecementos públicos a menores; estableceranse limitacións horarias á venda de bebidas alcohólicas por establecementos non autorizados para consumo no mesmo local; farase un control administrativo destas restricións; e promocionarase convenios de autorregulación con empresas produtoras e medios de comunicación.

Doutra banda, para reducir a demanda o texto normativo avoga pola definición de liñas de educación para a saúde na escola, polo establecemento dun uso racional do alcohol e polo desenvolvemento, por parte das entidades locais, de actividades alternativas de ocio para menores de idade.

A lei establecerá tamén un réxime sancionador -que incluírá tanto a cualificación como a cuantificación de sancións por incumprimento- e outro de sancións aos menores que consuman alcohol, ben que neste caso haberá tamén a posibilidade de substituílas pola participación do infractor en programas preventivos de carácter formativo, informativo ou de tratamento, ou pola realización de traballos ou actividades en beneficio da comunidade.

O texto referirase, así mesmo, a mecanismos de recuperación de montantes sancionadores para financiar programas de prevención; a mecanismos de avaliación da efectividade da norma; e ao establecemento dun sistema de información para seguimento da eficacia das estratexias.

Risco de alcoholismo

Pilar Farjas informou os membros do Consello de que a Estratexia Europea 2005-2012 sinala que as actuacións fronte a substancias de acceso legal deben poñer a énfase na normativa sobre publicidade, venda e consumo, facendo especial referencia ás idades e lugares onde se podan vender estes produtos e onde sexa legal o seu consumo. É por isto que a futura lei ten como principal obxectivo facer efectivo en Galicia o dereito constitucional á protección da saúde, no marco das competencias que lle atribúe o Estatuto de autonomía.

As bebidas alcohólicas, xunto co tabaco, son as substancias aditivas máis consumidas no noso país, e gozan dunha grande aceptación social e estatus de legalidade. A Estratexia Nacional sobre Drogas 2009-2016 destaca que, aínda que descendeu a proporción de consumidores de bebidas alcohólicas, aumentou a frecuencia de episodios de consumos intensivos.

Tamén recolle que o consumo abusivo de bebidas alcohólicas na xuventude se produce, fundamentalmente, en relación coas bebidas alcohólicas destiladas, cuxa concentración de alcohol é maior e que, ademais, se mesturan con bebidas carbónicas, o que reforza o seu efecto intoxicador.

O consumo abusivo de alcohol, explicou a conselleira de Sanidade, é unha causa directa e decisiva de risco para a saúde, e mantén relación directa con certas enfermidades neoplásicas, cardiovasculares, hepáticas, mentais e neurolóxicas. En 2006, no noso país, o consumo abusivo de bebidas alcohólicas foi a segunda causa dos episodios de urxencias sanitarias rexistrados por consumo de substancias aditivas.

Ademais, nas 35^a xornadas nacionais Socidrogalcohol celebradas en 2008 concluíuse que, cando o consumo abusivo de bebidas alcohólicas se inicia antes dos 14 anos, o 50% dos consumidores acaban sendo adictos. Ademais, a metade dos participantes en *botellóns* teñen contacto tamén con outras drogas.

Para moitos grupos, especialmente os comprendidos en idades máis novas, o ocio en xeral -e principalmente o nocturno- non só se produce maioritariamente asociado ao consumo abusivo, entre outros, de bebidas alcohólicas; senón que ademais se observa unha baixa percepción do risco asociado a este entre quen practica estes estilos de vida.

En Galicia, as intoxicacións etílicas atendidas polo 061 aumentaron un 70% desde o ano 2000; e dos 800 casos atendidos nun ano, máis do 25% tiñan menos de 14 anos. A Enquisa de Consumo de Bebidas alcohólicas en Galicia (2008) revela que a idade media de inicio deste consumo en menores de idade é de 14,1 anos, cunha tendencia de descenso.

Este estudo indica que o 98% dos menores que consome bebidas alcohólicas de maneira abusiva faíno durante as fins de semana e que máis da metade dos menores galegos admiten o consumo de bebidas alcohólicas nos últimos 12 meses. Por último, nel sinálase que o motivo máis habitual de consumo de bebidas alcohólicas en mozos con menos de 18 anos deriva da influencia social.

CULTURA E TURISMO INFORMA O CONSELLO DA XUNTA SOBRE A DOTACIÓN DE PERSONALIDADE XURÍDICA PROPIA AO CGAC

A Consellería de Cultura e Turismo presentou hoxe no Consello da Xunta o informe sobre a dotación de personalidade xurídica propia ao Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) co obxectivo de procurar unha maior eficiencia e unha maior eficacia na xestión. A modificación da natureza xurídica do centro pretende flexibilizar as súas posibilidades de actuación de cara a fomentar a investigación científica, mellorar o servizo aos visitantes e incrementar os recursos financeiros propios.

Segundo o informe presentado pola Consellería de Cultura e Turismo, dotar o CGAC de personalidade xurídica propia permitirá unha maior axilidade para adecuarse ás distintas circunstancias e ás necesidades dos visitantes e ofrecer un servizo de calidade. Do mesmo xeito, obrigará os responsables do centro a unha implicación máis exixente na súa xestión económica e administrativa, implantando un sistema de avaliación de resultados a partir da definición de obxectivos estratéxicos, formalización anual de acordos ou contratos e o desenvolvemento de indicadores sinxelos, fiables e de fácil manexo.

Para a Consellería de Cultura e Turismo, o CGAC debe funcionar como núcleo xerador de actividade económica a través de fórmulas como a procura de patrocinadores ou unha diversa oferta comercial de produtos. Neste sentido, a nova configuración servirá para dinamizar a obtención de fontes alleas de financiamento (a través da captación de doazóns, patrocinios ou actividades de mecenado en xeral) así como pola explotación dos seus propios recursos (cafetería, *vending*, *merchandising* ou aluguer de espazos). Do mesmo xeito, a posibilidade de contar cun patrimonio propio impulsará as doazóns particulares, cesións ou depósitos que poidan ser xestionados polo CGAC, simplificando os trámites referidos a bens mobles.

O informe presentado pola Consellería de Cultura e Turismo responde ao seu compromiso institucional para conservar e difundir o patrimonio deste tipo de centros. Así mesmo, establece a necesidade dunha reformulación xeral de todas as facetas que rodean a vida dos museos ante o crecente interese polas manifestacións culturais e a nova orientación da ciencia museolóxica que promove a súa orientación social e didáctica.

Natureza xurídica doutros centros

A análise doutros centros de arte moderna existentes en España conclúe que na súa totalidade dispoñen de personalidade xurídica propia ou están xestionados por unha entidade que dispón dela. É o caso do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, organismo autónomo de carácter administrativo adscrito ao Ministerio de Cultura; o Museo de Arte Contemporáneo de Castilla y León, xestionado a través da Fundación Siglo; o Museu d'Art Contemporani de Barcelona, consorcio integrado pola Generalitat de Catalunya, o Concello de Barcelona e a Fundación Museu d'Art Contemporani de Barcelona; o Centro Atlántico de Arte Moderno, sociedade mercantil unipersonal cuxo accionista único é o Cabildo de Gran Canaria; o Institutuo Valenciano de Arte Moderno, entidade de dereito público con personalidade xurídica propia e autonomía económica e administrativa; o Centro Andaluz de Arte Contemporáneo, organismo autónomo dependente da Consejería de Cultura de la Junta de Andalucía; e o LABoral Centro de Arte e Creación Industrial, centro expositivo dependente dunha fundación.

Situación actual do CGAC

De conformidade co Decreto 337/2009, o Centro Galego de Arte Contemporánea depende organicamente da Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura e funcionalmente do Padroado do Centro. Trátase dunha unidade administrativa sen personalidade xurídica propia cun orzamento inicial para o exercicio de 2010 de 4.328.260 euros.

O CGAC carece na actualidade de patrimonio propio xa que tanto o edificio como a súa colección, cun valor estimado de 7,4 millóns de euros, forman parte do patrimonio da Comunidade Autónoma. O Centro ten en depósito fondos pertencentes á Fundación Arco e obras do Museo Reina Sofía, do Museo Carlos Maside, da Asociación de Amigos do CGAC e dos artistas Xavier Toubes, Manolo Sendón e Pedro Calapez.